IES XOÁN MONTES (LUGO)

FORMU-LAND-22

PROXECTO DOCUMENTAL 1º ESO

INTRODUCIÓN

Este traballo de investigación sobre o mundo da Fórmula 1, os circuítos e os países polos que transcorre, serviu ao Equipo da Biblioteca para deseñar un proxecto, ao noso entender novidoso, polo cal un deportista coñecido como Fernando Alonso servise para desenvolver no alumnado de 1º da ESO o interese polo estudo, breve e axeitado á súa idade, da xeografía descritiva: relevo, clima, política...

Este equipo da BE do IES Xoán Montes leva anos traballando co alumnado a prol do recoñecemento do papel da muller ao longo da historia. Porén, este curso decidimos abordar un proxecto que todo o mundo vincula co mundo masculino, pretendendo visibilizar e poñer en cuestión un deporte que á día de hoxe aínda está íntimamente relacionado co sexo masculino, a pesar de que tódalas características necesarias para triunfar nesta actividade tamén caracterizan ao xénero feminino. A pesar deste condicionante, quixemos continuar con este enfoque, porque a F1, máis aló dos valores que per se poida ter, pode vincularse con todo tipo de áreas culturais, e tamén co propio currículo da ESO.

Os pilotos da F1, maioritariamente homes, pero tamén mulleres, aínda que en categorías inferiores, son deportistas de elite. Como tales teñen entrenamentos duros e complexos, cunha vida supeditada ao deporte, e non podemos esquecer que baixo o seu brillo e glamour existen uns valores que van desenvolvendo dende alevíns, algo que tamén o alumnado debería coñecer e, por que non, imitar: madurez, adaptación e desempeño do traballo, determinación, actitude, intuición, ética, perseverancia... Que son aspectos a potenciar e inculcar en TODO o alumnado.

Sen embargo, o máis destacable é o aspecto psicolóxico que desenvolve este deporte, enfrontarse á posibilidade dun accidente grave, a adaptación instantánea levada ao límite a todo tipo de circunstancias meteorolóxicas, físicas e mentais, unido todo isto á presión mediática á que teñen que estar sometidos debido ao inxente orzamento que envolve o mundo do motor: patrocinadores, televisións privadas, canais en redes sociais, millóns de espectadores ...

Partindo desta realidade, valoramos diversos aspectos á hora de abordar este tema:

- Aínda que é un deporte elitista, destinado a xente con recursos, o alumnado pode aprender todo tipo de coñecementos sobre xeografía, historia, costumes, tradicións...
- Ademais, é moi importante que descubran que estes deportistas consiguen os seus logros gracias á súa dedicación, tesón, implicación e fortaleza mental, aparte da súa preparación física.
- Aporta beneficios para o alumnado: búsqueda de información en distintos formatos, utilización das TICS, traballo en grupo, traballo colaborativo, organización de materiais e tarefas...
- O impacto a curto prazo: a posibilidade de ser utilizado este traballo como un instrumento de profundización nos diferentes ámbitos do curriculo de 1º da ESO: historia, xeografía, ciencias, arte...

Por todo isto, pensamos que sería un proxecto idóneo para o alumnado de 1º da ESO, pois as intregrantes do Equipo da Biblioteca responden a esas áreas de investigación e, ao seren os benxamíns, deberíase fomentar neles, a través da imitatio dunha figura coñecida dese deporte, cuxa forma de vida teñen dalgún xeito mitificada, o desexo de mellora, de evolución, de perfección no traballo e nas tarefas.

Aproveitando os mútliples desprazamentos que os deportistas de F1 teñen que realizar en cada tempada, organizamos o traballo como unha viaxe a través do planeta, deseñamos o traballo como unha pequena guía de viaxe que calquera piloto, neste caso Fernando Alonso, puidese consultar en cada destino. Con esta idea o alumnado, como dixemos máis arriba, puido desenvolver e integrar na materia de ITI e no traballo de investigación, os coñecementos doutras áreas: historia do circuíto e do país, localización xeográfica, fusos horarios, moeda, sistema político, relixión, demografía, clima, vexetación e fauna, costumes, cultura e gastronomia...

Con esta mesma idea, e partindo das diferentes realidades do noso alumnado, así como o feito de que os grupos son numerosos, de trinta alumnos cada un, decidimos que queriamos agrupamentos moi pequenos, tanto porque a súa implicación co traballo sería maior, como pola persistencia da COVID.

E para rematar, co desexo de que o continente africano tamén estivera representado no proxecto, decidimos ampliar o mesmo co Rally Budapest-Bamako que se interna no borde occidental do territorio pero só na parte africana do mesmo.

CONTIDOS CURRICULARES

Este traballo permitiu desenvolver, contidos propios da materia de ITI (Investigación e Tratamento da Información), ademais doutros das diferentes áreas científica, humanística, lingüística e técnica:

- Comprensión de textos, atendendo especialmente á consulta en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo estudos especializados.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida, así como elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.
- Utilización da Biblioteca e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.
- Achegamento á xeografía, ás ciencias naturais, á historia, á cultura e, en xeral, ás humanidades a través do estudo dos diferentes países e circuítos.
- Utilización da lingua oral e escrita para tomar conciencia dos coñecementos, e ideas, ser quen de interiorizalas e expoñelas.
- Realización de tarefas en parellas ou en grupos de tres membros e individualmente cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas.
- Coñecemento e utilización, de forma crítica das tecnoloxías da información e da comunicación como un medio para aumentar o coñecemento da realidade, pero tamén da investigación histórica.
- Valoración, sensibilidade e respecto polos aspectos básicos da cultura e da historia doutras culturas do mundo, así como o respecto do patrimonio mundial.

CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN

- Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- É capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo, africano, asiático e americano.
- Coñece e describe os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico dos diversos continentes
- Utiliza o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado
- Identifica e resume os acontecementos históricos máis salientables de cada país obxecto de investigación, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
- Entende e valora as aportacións culturais (arte, gastronomía, costumes) que cada país realiza ao acervo histórico
- Realiza exposicións orais.
- Sensibiliza ao alumnado sobre as diferencias culturais de cada país e continente.
- Identifica o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñece e aplica os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e a experiencia.

COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER

1.- Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A materia de ITI, así como o desenvolvemento do proxecto esixen o uso da lingua, tanto escrita como oral, como ferramenta de pensamento e de comunicación. É, polo tanto un instrumental de primera necesidade e unha competencia fundamental que se busca desenvolver por medio dos criterios e estándares de aprendizaxe. Buscar información, seleccionar, resumir, redactar, expoñer son aspectos que contribúen ao seu desenvolvemento, e no caso concreto deste proxecto as referidas á historia, á cultura, á xeografía,... dos diferentes países polos que transcorren tanto a F1 como o Rally até Bamako. Non cabe dúbida contribúen a que o alumno desenvolva o espírito crítico, á vez que agranda os seus coñecementos.

2.- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT**)

Os traballos por proxectos son fundamentais para desenvolver no alumnado a competencia matemática. Neste caso permitiulles transferir coñecementos teóricos a situacións e contextos reais ao ter que traballar con datas, séculos, medidas: superficie, altitude, latitude, lonxitude, datos demográficos e económicos, cálculos de horas e fusos horarios, cambios monetarios, aspectos que da teoría da clase e dos libros de texto, pasaron á ter un uso tanxible durante a investigación desenvolvida polos alumnos e alumnas.

3. Competencia dixital (CD)

A competencia dixital ten unha importancia innegable no desenvolvemento de calquera tipo de proxecto de investigación, e máis se debe desenvolverse no marco da materia de ITI. A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para resolver os problemas reais dun modo eficiente, as TIC facilitan as posibilidades de comunicación e información aínda que é preciso canalizar esa información dun xeito apropiado e responsable: saber citar fontes de información e imaxes e o uso de ferramentas de traballo colaborativo, neste caso DRIVE e Classroom.

4. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Esta competencia debe supon iniciarse na aprendizaxe por medio de técnicas que permitan sentar a base para continuar aprendendo no futuro. O desenvolvemento dunha investigación ten unha dimensión instrumental, e neste caso contribuíu a que o alumnado participase de forma activa e progresiva na construción do seu propio coñecemento, ao ter que buscar información (clima, moedas, demografía, economía, museos, gastronomía..), priorizala, organizala e expoñela tanto de maneira dixital, como de xeito oral e por escrito.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

O desenvolvemento do proxecto contribuíu en gran maneira ao desenvolvemento desta competencia, xa que investigar sobre a aspectos referidos á xeografía e á histoira, así como aos ámbitos sociais e culturais permitiulles desenvolver unha actitude crítica ante outras culturas, e respecto das aportacións e evolución das sociedades humanas, así como a respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

6.- **A competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

No proxecto de investigación é fundamental desenvolver no alumnado as destrezas ou habilidades e actitudes necesarias para saber elixir, planificar, e xestionar os coñecementos con criterio propio, co fin de tomar decisións para alcanzar o obxectivo previsto. **7. Conciencia e expresión cultural (CCEC)**

O desenvolvemento deste proxecto pretendeu potenciar no alumnado o coñecemento, comprensión, apreciaciación e valoración con espírito crítico, das diferencias culturais e artísticas dos variados países e continentes, utilizándoas como como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e considerandoas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos, así como o impulso do interese pola conservación de dito patrimonio artístico e cultural.

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Dentro da materia de Tratamento da Investigación e Información, traballouse co alumnado de 1º da ESO:

CURSO 2021/2022: 58 alumnos/as

1º ESO A: 29

1º ESO B: 29

En relación ao profesorado, o Proxecto Interdisciplinar, tendo a Biblioteca do Centro como elemento coordinador, contou coa dirección de: Ángeles Vidal Suárez, profesora de ITI e Grego. Coordinadora do Proxecto de Investigación e Tratamento da Información e María América García Fernández, profesora de Xeografía e Historia

OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O noso proxecto Formu-LAND-22, a través do estudo e a investigación, pretende achegar ao alumnado un conxunto variado de coñecementos e valores interrelacionados coas diversas áreas curriculares de 1º da ESO.

Voar dun país a outro, tomando como pretexto as viaxes dun piloto de F1, neste caso Fernando Alonso, permitiunos profundizar no estudo non só da xeografía e historia, senón tamén de tradicións, costumes ... de cada país.

ACCIÓNS: CALENDARIO, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO



REPARTO DAS DISTINTAS CUESTIÓNS EN QUE SE SUBDIVIDE O TEMA XERAL:

Este curso, atopámonos con moito alumnado, 17 alumnos/as dun total de 58, un (29%), con graves problemas competenciais: lectoescritura, escaso manexo do ordenador, falta de dominio do idioma (galego e castelán), diversos trastornos do compartamento... Pero tamén, con moitos alumnos e alumnas de gran nivel intelectual e de coñecementos. Por iso, o reparto do alumnado tendeu a mesturalos, buscando o equilibrio entre eles, de maneira que o proxecto fose tamén, neste sentido, enriquecedor para todos.

Dado o número de alumnos por grupo, tivemos que dividilos en dous espazos: a aula de Informática e a Biblioteca, onde o número de ordenadores é limitado.

A cada grupo encomendóuselle unha carreira de F1 da que tiñan que buscar:

- Historia e imaxes do circuíto
- Nome do país
- Localización
- Clima
- Moeda
- Relixión
- Demografía
- Breve historia do país
- Museos e monumentos máis importantes
- Costumes e gastronomía
- Webgrafía: relción das páxinas consultadas, así como os créditos das imaxes empregadas.

Dado que, como xa indicamos, os 1º da ESO eran numerosos, queriamos agrupamentos moi pequenos, e como pretendiamos que o continente africano estivera tamén representado no proxecto, ampliamos o mesmo co Rally Budapest-Bamako, se ben decidimos outorgarlle estes traballos a alumnado de orixe africana, para que se sentise máis conectado co proxecto.. Neste sentido, estes rapaces tiveron que investigar os mesmos aspectos que os seus compañeiros, e acadaron bos resultados finais.

IMAXES

PROCESO DO PROXECTO













PROCEDEMENTOS

Procura de información en distintos soportes.

Selección da información pertinente (texto e imaxes).

Aprendizaxe significativa.

Lectura comprensiva.

Resumo dos datos fundamentais.

Redacción de materiais de elaboración propia.

Coherencia textual.

Estruturación do texto.

Uso do DRIVE como ferramenta colaborativa.

Exposición oral

RECURSOS EMPREGADOS

Para todo o referido sobre Educación documental os materiais empregados atópanse no blog da biblioteca:

http://portanona.blogspot.com/p/educaci.html

http://portanona.blogspot.com/p/blog-page.html

http://portanona.blogspot.com/p/redes-sociais.html

http://portanona.blogspot.com/p/ferramentas-tic.html

As principais fontes consultadas - tanto páxinas, como imaxes, atópanse en cada un dos traballos realizados polo alumnado, que poden consultarse aquí:

https://drive.google.com/drive/folders/1-lPd6FjVwRuYdBbESGEzTVkMFjDEH7Fh?usp=sharing

Para a elaboración do produto final empregouse a ferramenta **Genially**.

AVALIACIÓN

Segundo se recomenda nas orientacións para a avaliación na etapa ESO, esta ha de ser "formativa e continua", principios que facemos nosos agora e tivemos en consideración ao longo de todo o proceso valorativo.

Antes de iniciar o proxecto explicouse aos alumnos cales eran os aspectos aos que se concedería unha maior atención, que tarefas terían que realizar e cal sería a súa importancia para a nota final, buscando como obxectivo a auto e co-avaliación, segundo o modelo reproducido aquí:

CRITERIOS	DESCRITORES			
	1	4	7	10
1. Suxeición as especificacións da tarefa	Non se entrega o traballo ou non se axusta aos criterios	Cumpre só 4 dos 8 criterios da tarefa	Cumpre 6 dos criterios da tarefa	Cumpre todos os criterios da tarefa
2. Procura da indormación	A información ten pouco que ver co tema e non busca alternativas	Atopa a información pero non é capaz de seleccionar e sintetizar os datos	Atopa a información e reelabóraa	Atopa a información, resume e reformula
3. Contidos	Menos do 40% da información é correcta	O 60 % da información é correcta	O 80% da información é correcta	Toda a información é correcta
4 Aspectos formais e gramaticiais	Non se entrega o traballo	Presenta erros ortográficos e gramaticais. Non se axusta ao formato.	Ten poucos erros. O texto axústase ao solicitado	Amosa un bo dominio da lingua. O texto axústase ao solicitado.
5. Ferrramentas TIC	Apréciase certo desinterese na elaboración do produto final	Non as manexa de forma axeitada	Manexa de forma aceptable as ferramentas	Manexa con soltura as ferramentas
6. Traballo e cumprimento dos prazos	Non se entega ou se supera o prazo de entrega	Remátase a última hora e non se aproveitan as clases para realizalo	Entrégase en prazo, aínda que non aproveitou todo o tempo na clase.	Entrégase o traballo a tempo, aproveitando as clases para facelo.
7. Fontes	Non as aporta	Só documenta á orixe do 40% da información.	Só documenta á orixe do 70% da información.	Rexistro coidadoso do 100% fa inf.
8.- Calidade do traballlo	Precisa ser comprobado ou refeito	Ocasionalmente, precisa ser comprobado ou refeito	O traballo é de calidade	O traballo é de moi alta calidade.

Agás excepcións, o alumnado valorou moi positivamente esta forma de aprendizaxe, que cualifican como moi interesante, diferente. Pódense ver as súas respostas aquí: https://forms.gle/r9BgJuKNEqdfAfjD7

O profesorado, pola súa parte, observou que, como vén ocorrendo dende hai 2 ou 3 anos, o alumnado non sabe usar un ordenador (maiúsculas, tils, guións, parénteses..., mesmo, ás veces non saben nin encendelo), teñen problemas, sobre todo en lingua galega, de redacción, de ortografía (uso de maiúsculas, tils,...) de presentación (parágrafos, sangría, xustificación do texto...), e cústalles moito buscar a información, normalmente recorren á Wikipedia, sen tentar buscar outras fontes alternativas.

Por iso, o traballo fundamental supuxo empezar polo básico, e corrixir moitas veces. Pouco a pouco observouse unha melloría, e o manexo de programas como Drive, Genially, Google maps... resultoulles máis sinxelo. Estes aspectos son xerais a todos os alumnos, pero é máis grave naqueles que veñen da Primaria con serias deficiencias nas competencias básicas, ao que hai que engadir os condicionantes de cada neno/nena.

Polo que respecta á coavaliación, tanto persoal como intergrupal, queremos destacar que a percepción que ten o profesorado sobre o traballo do alumnado correspóndese case ao 100% coa valoración que os rapaces teñen do seu propio esforzo e o do seu grupo.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DIFUSIÓN

No momento de desenvolver o traballo, a comunidade educativa do Centro amosouse desinteresada e pouco implicada. Ano tras ano, resulta claro que estamos lonxe de conseguir que o proxecto interdisciplinar implique ao profesorado das áreas científicas e tecnolóxicas. A colaboración, cando a hai, é a excepción que confirma a regra, finalmente o peso do traballo recaeu no Equipo da Biblioteca. Outro ano máis, polo tanto, atopámonos na disxuntiva da necesidade de innovar para implicar aos alumnos na aprendizaxe, por unha banda, e por outra, as reticencias do profesorado a abandonar as antigas prácticas docentes.

O produto final está aloxado no blog da biblioteca para a súa difusión pública, neste enderezo: https://portanona.blogspot.com/2022/06/formu-land-22.html

En Lugo 6 de xullo de 2022

As prpfesoras:

Ángeles Vidal y América García